

MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A CAMPAÑA DAS ELECCIÓN INTERNAS DE EN MAREA DE DECEMBRO DE 2018



Este Manual pretende servir de guía para o proceso de elección do Consello das Mareas de da Comisión de Garantías de En Marea a celebrar os días 1, 2 e 3 de decembro de 2018.

Duración da campaña: iníciase o martes 27 de novembro ás 00:00 horas e remata o venres 30 de novembro ás 23:59 horas

1. As candidaturas disporán dun espazo na web de En Marea para promocionarse, con iguais características de visibilización e accesibilidade ós seus contidos para tódalas elas. Non se solicitará identificación para visualizar o contido. Só poderán incluír material os membros da candidatura ou os seus representantes expresamente designados.
2. Non se admitirán insultos, acusacións, expresións de ameaza ou faltas de respecto a outras candidaturas, de modo global ou individual, así como aos seus simpatizantes ou potenciais votantes. A comunicación verbal e escrita, dende a pluralidade de posturas, deberá someterse a tales límites, sexa cal sexa o formato ou medios utilizados.
3. Queda prohibida a publicidade de pago, sexa cal sexa o medio empregado.
4. Os partidos, como tales, non poderán facer campaña pública por unha lista ou candidatura. Tódolos apoios públicos que se expresen serán a título individual.
5. As candidaturas farán uso da linguaxe inclusiva e de linguaxe non racista durante a campaña nos documentos ou publicidade nos seus diferentes formatos que empreguen.
6. Os espazos en redes sociais de En Marea garantirán igualdade de presenza das diferentes candidaturas que concorren ao proceso de eleccións internas.

MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A CAMPAÑA DAS ELECCIÓN INTERNAS DE EN MAREA DE DECEMBRO DE 2018



7. Durante o período de votacións non se poderá incorporar novo material, en ningún formato, aos diferentes espazos web de En Marea, ata o remate do mesmo.
8. Haberá un chamamento global e xenérico á participación de tódolos inscritos de EnMarea, evitando chamamentos específicos en base ó sexo, idade ou calquera outra característica persoal ou afinidade ideolóxica.
9. Prohíbese o acoso ás persoas inscritas, entendido este como o contacto reiterado e non desexado por parte dunha candidatura ou por un afín á mesma a unha persoa inscrita ou a un grupo de votantes en particular.
10. O Comité Electoral será o órgano encargado de facer cumprir as presentes normas e prohibicións, reservándose o dereito de aplicar as medidas necesarias, de modo conxunto coas candidaturas ou coas persoas candidatas implicadas, para garantir o axeitado funcionamento dos procesos electoral e de votación. Para o mesmo pártese do principio de boa fe e da colaboración das partes implicadas. De non ser así decidiría de seu a medida a implementar.